

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 27 de decembro. de 2012**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta minutos do día vinte e sete de decembro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE, de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña E o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1780).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a urxencia da sesión.

**2(1781).- MODIFICACIÓN DAS ANUALIDADES DO CONTRATO DO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLES Á FLOTA MUNICIPAL. EXPTE. 9510/445.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do 20-12-12, do xefe do servizo do Parque Móbil, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento, a Xunta de Goberno Local acorda:

Modificar as anualidades do contrato do servizo de subministro de combustibles á flota municipal, coa minoración do crédito previsto para o ano 2012 e 20.000 euros, e procedendo ao aumento de dito importe para o período do 1 de xaneiro 2013 ao 30 de novembro de 2013, en base á seguinte distribución:

**\*\*cantidades vixentes ata hoxe:**

-2012 ( decembro 2012)	81.000 euros
-anualidade 2013, do 1 de xaneiro 2013 ao 30 de novembro 2013	332.925 euros

**\*\*adecuación importes modificados:**

2012 (decembro 2012)	61.000 euros
anualidade 2013, do 1 de xaneiro 2013 ao 30 de novembro 2013	352.925 euros

3(1782).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE IMESAPI S.A., POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CONSERXERÍA E ATENCIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS CÍVICOS, NO MES DE NOVEMBRO DE 2012. EXPTE. 2722/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 3-10-12, vistos os informes xurídico e de fiscalización da Intervención Xeral Municipal de datas 18 e 20 de decembro de 2012, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declarar a nulidade da prestación do servizo realizada pola entidade Imesapi S.A.

Segundo.- Aprobar a indemnización substitutiva, polas actuacións e o gasto realizado, de conformidade coa Base 28<sup>a</sup> das Bases de execución do orzamento para o ano 2012, por un importe de 8.198,29 € (oito mil cento noventa e oito euros con vinte e nove céntimos), a favor de Imesapi S.A. (CIF:A-28010478), con cargo á aplicación 9240 2279904 (At. O Público e Conserxería Ctros. Cívicos)

Terceiro.- Recoñecer a obriga a IMESAPI S.A., polo importe de 8.198,29 € e correspondente a prestación do servizo de conserxería e atención ao público nos centros cívicos, no mes de novembro de 2012.

4(1783).- APROBACIÓN DO GASTO POLA VARIACIÓN DO IPC, NO PERÍODO DE XUÑO 2011-SETEMBRO 2012, A EULEN SEGURIDAD S.A. EXPTE. 79882/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 17-12-12, da técnica de Servizos Económicos, conformado polo xefe de área de Benestar Social, pola concelleira-delegada de área e pola concelleira delegada de Economía e Facenda, visto o informe da Intervención Xeral Municipal de data 27-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o gasto por importe de 1.757,51 euros, con cargo á partida 3133..2270100 a nome de EULEN SEGURIDAD, S.A. ., NIF A28369395, correspondente ao 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período xuño 2011-setembro 2012, aplicando 439,38 euros no orzamento de 2012, para as facturas de outubro a decembro, e 1.318,13 no orzamento de 2013 para as facturas de xaneiro a setembro do citado ano, polo que o importe do contrato para o período 2012-2013 é de 66.371,50 euros .

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.